

Artes escénicas.

Datos académicos.

- 2º de Bacharelato.
- Materia optativa troncal da modalidade de Artes, Humanidades e Ciencias sociais.
- Materia de opción da proba de avaliación de Bacharelato.
- Horario: 4 horas teórico-prácticas semanais.
- Ponderación para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do sistema universitario de Galicia:
 - ✓ Todos os graos da rama de Artes e Humanidades.
 - ✓ Algún grao de Ciencias sociais e Xurídicas (Maxisterio, Xornalismo, Moda, Comunicación audiovisual...Entre outras)
 - ✓ Moi poucos graos da rama de Enxería e Arquitectutra como o Grao de Paisaxe.

Descripción.

A vida está chea de dramas, absurdo, situacións cómicas, bufones, paiasos, circo e histriones. Ás veces temos que bailar ao son de algo, ou facer un pouco de teatro, non si? Artes escénicas e vida están unidas dende que as persoas de calquera rincón do mundo tivemos a necesidade de comunicarnos coa natureza. E disto hai moito tempo.

Por iso na materia de Artes escénicas estudiaremos esta fascinante historia. Averiguaremos que é o circo, as diferentes técnicas de interpretación, coñeceremos a Shakeaspare, esperaremos a Godot, leeremos teatro e xente falando de teatro; pero tamén dramatizaremos escenas, experimentaremos, compartiremos emocións, xogaremos cos noso corpos, e intentaremos facer un pouco de arte escénico; intentarémoslo. Teoría e práctica. Lectura e xogo. Memoria e aventura.

Da igual se eres unha persoa tímida, se nunca te expuxeches a mirada das demais. Aquí hai sitio para as que queredes probar algo novo; para as persoas que queredes estudar interpretación; ou para aquelas que vos guste ler, ver cine ou pensar sobre a arte. So pedimos compromiso e ganas.

Durante catro horas teórico-prácticas a semana e cuns apuntamentos propios leeremos textos, e experimentaremos con eles, traballaremos a improvisación e tamén preparamos a materia para as persoas que queirades presentarvos as probas de accesos a universidade.

.